

Recoñece Vínchos por Patroa tutelar a Sta. Mariña Virxe e Mártir galega (250) a quen lle celebran a festa o 18 de Xullo. Habitana 196 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Gondomar, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Reditúan os seus décimos 32.000 reais, dos que leva o Párroco a cuarta parte, e das outras tres cuartas partes levanta a metade a fábrica da Catedral de Tui, e a outra metade o Cóengo Lectoral da mesma: o primeiro ten casa reitoral e igrexario de 11 ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 1 ferrado de trigo, 1 de centeo e 1 de miúdo. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados de trigo, 19 1/6 de centeo, 13 3/4 de miúdo, e 10 reais con 23 marabedis. Paga á Mitra de Tui 15 soldos leoneses 18 marabedis vellós. Este Beneficio é presentación eclesiástica do Cabido Catedral da nosa Cidade vacando nos catro meses ordinarios, e se vaca nos outros oito provístao o Rei. Ten ermida de Sta. Lucía no centro da parroquia, que antes estivo no monte: tamén hai aquí as ruínas dunha fortaleza propia dos Sres. Condes de Gondomar. Estivo aquí no cume dunha elevadísima serra o Castelo de Santella do que falaremos no Capítulo 32. Dista de Tui 2 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 504).





Igrexa parroquial (249)

É unha igrexa de finais do século XII e principios do XIII, con engadidos no XVI e adaptacións do XIX.

Estivo abandonada uns anos e o culto parroquial pasou para a capela de **Santa Lucía**. Por este motivo sufriu un gran deterioro e na década dos 90 fíxose o tellado actual.

Na actualidade, trátase de recuperar para o culto parroquial, e está en proceso de restauración. Xa se arranxaron os pisos, tanto o interior como o do adro. Puxéronse portas novas. O presbiterio está na súa segunda fase, debido ás humidades producidas. Retirouse o coro que tiña en placa de cemento e recuperouse en madeira.

Agora están a recuperar as **pinturas murais**.

Foi construída sobre rocha viva, que lle serve de cimentación, pero que creaba continuos problemas de humidades na parte da capela maior.

Ten unha única nave con ábsida rectangular. Na cara norte foi adosada a sancristía.

A súa **fachada principal (251)** é totalmente lisa rematada en volutas estilizadas con pináculos nas esquinas.

No centro ten unha fiestra cadrada, con moldura acobadada.

Remata en espadana de dobre oco con frontón circular ao centro, adornada con molduras e pináculos.

Como **portada** conserva a orixinal románica (252). Confórmase de tres arquivoltas e arco de medio punto en aresta viva e apoiadas en xambas rectas.

As portas laterais son alinteladas con mocheta e derrame de xambas na cara interior.


As fiestras son abucinadas e algunhas teñen recercado. Conserva dúas a modo de seteiras de derrame interno.

Acolle a cuberta cunha **cornixa lineal** que se apoia en canzorros.

Conserva algúns dos elementos románicos da primitiva igrexa: vinte **canzorros (254)** por cada lado da nave e a **cruc (255) antefixa** no piñón do muro da cabeceira.

Soamente dous dos canzorros están decorados con personaxes (253), un por cada lado, os outros son de proa de barco e en nacela.





A ábsida é unha construción que se engadiu á primitiva igrexa románica, cunhas dimensións máis pequenas. Ten unha **cartela** decorativa coa seguinte inscrición: “**1568. CORTINAS**”, e ao lado no muro “**RETOR**” (256).

Probablemente fora remodelada no século XVIII.

A capela maior divídese en tres tramos por medio de arcos faixóns de medio punto que se apoian en ménsulas e sosteñen a bóveda de canón.

A sancristía foi engadida no lado norte tamén no século XVIII.

As **pinturas murais** (257-258) que apareceron na limpeza dos muros interiores localízanse sobre o arco triunfal (coa representación dun Cristo Resucitado) e na cabeceira (Cristo na Cruz). Estanse a recuperar.





Ermida de Sta. Lucía

É de planta de cruz latina para unha soa nave, con cruceiro destacado en altura. A fachada é lisa e está franqueada por recercados en forma de dameiro, que se unen no hastial.

A porta fórmase cun arco apuntado e recercado, apoiado sobre as xambas.

Adórnase no eixe da **fachada** (259) cun ocelo tamén recercado.

Por riba del a inscrición do ano de construción: 1828.

Remata con pináculos nos extremos e con cruz pétrea no vértice do piñón.

Na esquerda está a **torre**, de base cuadrangular, formada en tres corpos. O primeiro é liso. O segundo presenta unha fiestra de arco semicircular. Ámbolos dous teñen o mesmo recercado en dameiro que a fachada. O terceiro é o campanario con arcos apuntados en cada lado e balaustrada perimetral. Adórnase con pináculos nos vértices e unha cuberta piramidal con cruz pétrea de remate.

Todos os ocos das ventás e portas son con arcos apuntados e recercados.

Celébrase nela unha gran romaría o día de Sta. Lucía (260).

No adro da capela está un cruceiro de fuste de sección cadrada, que, na parte superior, substitúe as arestas por redondeado e bolas (261).

FESTAS E ROMAXES DE VINCIOS:

- Santa Mariña: 18 de Xullo
- Santa Lucía: 13 de Decembro.



